

E en proba de conformidade, asinan os intervinientes o presente Convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados

ABEGONDO José Antonio Santiso Miramontes (alcalde)	ARANGA Alberto Platas Álvarez (alcalde)	ARZÚA Xoán Xesús Carril Ramos (alcalde)	BAÑA (A) José Antonio Pereira Gil (alcalde)	BERGONDO Alejandra Pérez Máquez (alcaldesa)	BETANZOS Diego Fernández López (delegación en primeiro tenente de alcaldía)
BOIMORTO María Jesús Novo Gómez (alcaldesa)	BOQUEIXÓN José Manuel Iglesias Gómez (delegación en concelleiro)	BRIÓN Pablo Lago Sanmartín (alcalde)	CABANA DE BERGANTIÑOS José Muiño Domínguez (alcalde)	CAMARIÑAS Sandra Insua Rial (alcaldesa)	CARIÑO Ana María López Fernández (alcaldesa)
CARNOTA Juan Manuel Saborido Rama (alcalde)	CARRAL Francisco Javier Gestal Pose (alcalde)	CEDEIRA Pablo Diego Moreda Gil (alcalde)	CEE Margarita Lamela Louzán (alcaldesa)	CERCEDA Juan Manuel Rodríguez García (alcalde)	COIRÓS Francisco Quintela Requeijo (alcalde)
CORCUBIÓN Francisco J. Domínguez Traba (alcalde)	CURTIS Javier Fco. Cainzos Vázquez (alcalde)	DODRO Francisco Xavier Castro Touris (alcalde)	DUMBRÍA Raúl González Lado (alcalde)	FENE Juventino José Trigo Rey (alcalde)	FISTERRA Áurea Domínguez Sisto (alcaldesa)
FRADES Manuel Ferreiro Marzoa (delegación en concelleiro)	IRIXOA Antonio Deibe Sanmartín (alcalde)	LARACHA (A) Patricia Bello Canedo (delegación en concelleira)	LAXE Francisco Charlín Oróns (alcalde)	MALPICA Eduardo José Parga Veiga (alcalde)	MAÑÓN Alfredo Dovale Pedreira (alcalde)
MELIDE Xosé Igrexas García (delegación en segundo tenente de alcaldía)	MESÍA Mariano Iglesias Castro (alcalde)	MIÑO Manuel Vázquez Faraldo (alcalde)	MONFERO Alberto Cortizas Rejo (alcalde en funcións)	MUROS María Lago Lestón (alcaldesa)	MUXÍA Francisco Javier Sar Romero (alcalde)
NEDA Ángel Alvarino Saavedra	NEGREIRA Manuel Ángel Leis Míguez (alcalde)	ORDES José Luis Martínez Sanjurjo (alcalde)	OROSO María Requejo Guillén (delegación en concelleira)	PADERNE Sergio Platas Casal (alcalde)	PADRÓN Laura Horta Ignacio (delegación en concelleira)
PONTECESO José Manuel Mato Martínez (alcalde)	PONTEDEUME José Simoes Couceiro (delegación en primeiro tenente de alcaldía)	PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS) Ana María Pena Purriños (delegación en primeira tenente de alcaldía)	RIANXO Julían Bustelo Abuín (alcalde)	SADA Rebeca Mourriño Neira (delegación en primeira tenente de alcaldía)	SANTA COMBA Patricia Val Antelo (delegación en segunda tenente de alcaldía)
SOBRADO Luis Lisardo Santos Ares (alcalde)	TOQUES José Ángel Penas García (alcalde)	TORDOIA Eduardo Antonio Pereiro Linares (alcalde)	TOURO Roberto Castro Rocamonde (alcalde)	VAL DO DUBRA Diego Luís Díaz Méndez (alcalde)	VALDOVIÑO Alberto González Fernández (alcalde)
VEDRA Carlos Martínez Carrillo (alcalde)	VILARMAIOR Carlos Vázquez Quintián (alcalde)	VILASANTAR Fernando Pérez Fernández (alcalde)	VIMIANZO Mónica Rodríguez Ordóñez (alcaldesa)	ZAS Manuel Muiño Espasandín (alcalde)	

O Presidente da Deputación da Coruña
Asdo.: Valentín González Formoso

A Secretaria Xeral da Deputación da Coruña
Asdo.: Amparo Taboada Gil



Deputación Provincial
da Coruña
SERVIZO DE
PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

No Pazo de Mariñán, a 11 de novembro de 2024.

Ante min, Dona Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, actuando en nome e representación da Deputación Provincial, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Doutra parte, os representantes relacionados no Anexo II actuando en nome dos concellos que figuran nel, en virtude das competencias atribuídas igualmente polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense, de modo recíproco, capacidade legal, lexitimación, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que tal e como establece a Exposición de Motivos da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, (en diante LPACAP) a tramitación electrónica debe constituír a actuación habitual das Administracións co obxectivo de mellorar os principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos a cidadáns e empresas, e de reforzar as garantías dos interesados, ao facilitar o cumprimento das obrigacións de transparencia. Neste sentido, a Deputación da Coruña, no marco de modernización das Administracións Públicas da provincia, e para o seu desenvolvemento electrónico e implantación da Administración electrónica, desenvolveu un plan orientado ao cumprimento da obrigación de dixitalización imposta pola lexislación vixente.

Segundo.- Que os Municipios segundo o artigo 25.2ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LRBRL) exercerán como propia a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións ademais da súa obrigación de impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e comunicación cos veciños, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás (artigo 70.3 LRBRL).

Terceiro.- Que o artigo 36.1g) LRBRL atribúelle á Deputación da Coruña competencias para a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, ademais da obrigación das Deputacións Provinciais de colaborar cos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan desenvolver en grao suficiente o deber establecido no artigo 70.3 LRBRL.

Cuarto.- Que vistas as competencias das Deputacións en materia de cooperación, asistencia e colaboración cos municipios da provincia (artigo 57 LRBRL), a Deputación da Coruña a través do presente Convenio dotará dos medios necesarios para a implantación e posta en funcionamento dunha plataforma integral para a prestación dos servizos de Administración electrónica nas Entidades Locais da provincia da Coruña que manifesten interese en subscribilo.

Quinto.- Que en orde a coordinar os esforzos das Entidades Locais da provincia da Coruña e posibilitar o maior alcance e máis eficaz

funcionamento da Administración electrónica, a Deputación xestionará, por autorización daquelas pola firma do presente convenio, a subministración, funcionamento, mantemento e explotación das infraestruturas e servizos, presentes e os que vaian xurdindo no futuro en orde ás necesidades detectadas, de Administración electrónica que garantan a efectividade, no ámbito das Entidades Locais da provincia, dos dereitos recoñecidos na LPACAP.

Sexto.- Que as partes, na representación que ostentan, teñen interese en colaborar e participar activamente nas actuacións que se desenvolvan en virtude do presente Convenio, polo que subscriben os pactos que se conteñen nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

O presente Convenio ten por obxecto regular a actuación conxunta entre a Deputación da Coruña e cada concello relacionado no Anexo para o **impulso e desenvolvemento da administración electrónica** coa finalidade de alcanzar un nivel homoxéneo de prestación de servizos públicos dixitais no territorio da provincia da Coruña e garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos mediante a Sede electrónica correspondente, interconectada coa plataforma integral de servizos de Administración electrónica da Deputación da Coruña. A través do uso da devandita plataforma integral darase vía á xestión dos servizos e procedementos que competen ao Concello de *“municipio”*, no ámbito da Administración electrónica.

Segunda.- Ámbito de aplicación.

As partes que subscriben o presente Convenio poderán acceder ás funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que permiten a prestación dos servizos previstos no Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento de Actuación e Funcionamento do Sector Público por Medios Electrónicos e en concreto as recollidas no Anexo I *“Catálogo de Solucións de Administración Electrónica”* do presente Convenio. Este catálogo manterase detallado e actualizado no portal de transparencia da Deputación Provincial (Plans e Programas), sendo competente para a súa actualización o Presidente da Deputación Provincial, quen aprobará mediante Resolución as substitucións ou incorporacións de novos servizos, aplicacións ou plataformas que sexan precisas.

Terceira.- Obrigacións das partes.

Para poder facer efectiva a actuación da Deputación da Coruña na implantación e posta en funcionamento da plataforma integral para a prestación dos servizos de Administración electrónica, cada **Concello** que subscribe o presente Convenio administrativo asume as seguintes **obrigacións**:

1. Autorizar á Deputación da Coruña, tan amplamente como en Dereito proceda, a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a implantación da plataforma integral de Administración electrónica no municipio (Plataforma principal e complementarias) e todos os servizos complementarios.
2. Autorizar á Deputación da Coruña directamente ou a través de terceiro que resulte adxudicatario do procedemento de contratación convocado para ese efecto pola Deputación, á tramitación da alta en calquera dos servizos e aplicacións da Administración Xeral do Estado ou da Comunidade Autónoma, así como á activación e configuración dos conectores de integración da plataforma de Administración electrónica cos devanditos servizos e aplicacións.
3. Designar á Deputación da Coruña como encargada de tratamento dos datos de carácter persoal contidos nos arquivos electrónicos cuxa utilización sexa necesaria para o desenvolvemento do proxecto obxecto do presente Convenio, mantendo o Concello a condición de responsable de tratamento dos devanditos datos.
4. Non obstante o disposto no apartado anterior, autorízase á Deputación da Coruña a trasladar toda a información obtida nos diferentes procedementos de alta administrativa (números de identificación, claves, certificados, códigos, etc.) á empresa que, no seu caso, resulte adxudicatario para a prestación dos servizos de Administración electrónica e que fosen necesarios para poder levar a cabo a prestación dos devanditos servizos non podendo utilizalos para fins propios quedando obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal en todo o que sexa de aplicación na prestación do servizo.
5. Proporcionar a máis ampla colaboración á Deputación da Coruña para a implantación e posta en funcionamento da plataforma de Administración electrónica no municipio, respondendo con dilixencia ás demandas de información que a Deputación formule.
6. Revisar continuamente os contidos de carácter municipal e mantelos actualizados en función da lexislación vixente, facéndose responsable deles e facendo un uso responsable das plataformas para que se adecúen ás obrigacións legais.
7. Solicitar, cando así sexa necesario, a incorporación a novos servizos, a novas aplicacións ou a adhesión a novas plataformas, solicitude que terá que ser aceptada polo Presidente da Deputación.

Pola súa banda, a **Deputación da Coruña**, no marco de colaboración e cooperación coas entidades locais da provincia adheridas ao proxecto, asume as seguintes **obrigacións**:

1. Executar por si ou a través de terceiro que resulte adxudicatario do procedemento de contratación convocado para ese efecto pola Deputación, as infraestruturas e servizos necesarios para a implantación da plataforma integral de Administración electrónica no municipio (Plataforma principal e complementarias) e todos os servizos complementarios.
2. Gardar confidencialidade e custodiar a información almacenada nos arquivos electrónicos de conformidade co que establece a Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal. Non obstante o anterior, a empresa adxudicatario para a prestación dos servizos de Administración electrónica terá a mesma obrigación en relación con toda a información obtida

nos diferentes procedementos de alta administrativa (números de identificación, claves, certificados, códigos, entre outros) e que resulte necesaria para a correcta prestación dos servizos de Administración electrónica.

En todo caso, como establece o artigo 28 do RGPD, o tratamento polo encargado rexerese por un contrato ou outro acto xurídico conforme ao dereito da Unión ou dos Estados membros, que vincule ao encargado respecto do responsable e estableza o obxecto, a duración, a natureza e a finalidade do tratamento, o tipo de datos persoais e categorías de interesados, e as obrigacións e dereitos do responsable.

3. Comprometerse a un uso dilixente e responsable do certificado de selo de órgano da Entidade Local.

Cuarta.- Sistemas de intercambio de información e transmisión de datos entre as administracións asinantes do Convenio.

A información e documentación obtidas con ocasión da execución deste Convenio, só poderán ser utilizadas aos meros efectos do cumprimento do mesmo.

O seu tratamento acollerase á regulación contida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Quinta.- Seguridade da información e os servizos prestados.

Conforme ao Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, a información tratada e os servizos prestados polas entidades obxecto deste convenio, regularanse conforme ao ENS, co fin de asegurar o acceso, a confidencialidade, a integridade, a trazabilidade, a autenticidade, a dispoñibilidade e a conservación dos datos, a información e os servizos utilizados por medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.

En todo caso, en todas as súas actuacións as entidades asinantes comprométese a manter o nivel de certificación alcanzado conforme ao ENS.

Sexta.- Relación das actuacións de execución do Convenio en relación aos acordos provinciais.

As actuacións que se realicen en execución do presente Convenio axustaranse e participarán dos criterios que se definan con carácter xeral nos acordos que sexan adoptados polo Pleno da Deputación da Coruña e as resolucións que se diten pola Presidencia no seu desenvolvemento.

Sétima.- Duración do Convenio.

A vixencia do convenio será de catro anos desde a firma do mesmo. Antes de a finalización do prazo previsto, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Oitava.- Modificación do Convenio.

A modificación do presente convenio requirirá da conformidade de todas as partes asinantes que serán anexadas a este Convenio.

Novena.- Incumplimento do Convenio.

O incumplimento das obrigacións adquiridas como consecuencia da firma do presente Convenio será causa de resolución do mesmo, previo requirimento formulado para ese efecto pola parte afectada polo devandito incumplimento.

Décima.- Extinción do Convenio

O presente Convenio extinguirase polas seguintes causas:

1. Pola expiración do seu termo.
2. Por resolución conforme á cláusula novena do Convenio.
3. Por mutuo acordo entre as partes.
4. Polas causas de resolución previstas na lexislación aplicable.

Undécima.- Financiamento.

O uso das solucións tecnolóxicas que a Deputación da Coruña pon ao dispor do concello para a prestación dos servizos recollidos no presente convenio non supoñerá custo algún para o concello.

Duodécima.- Publicidade.

O presente convenio será obxecto de publicidade en cumprimento do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno.

Décimo terceira.- Marco Normativo

O exercicio das competencias en materia de administración electrónica e, no referente ao uso das solucións tecnolóxicas obxecto do presente convenio rexeranse polas presentes cláusulas e pola normativa de aplicación:

1. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
3. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
4. Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Actuación e Funcionamento do Sector Público por Medios Electrónicos.
5. Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
6. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
7. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
8. Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).
9. Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
10. Normas que desenvolvan, complementen ou modifiquen ás anteriores.
11. As demais normas de obrigada aplicación á materia.

Décimo cuarta.- Natureza do convenio e discrepancias

As partes outorgan a este Convenio carácter administrativo, polo que as controversias que do mesmo se deriven serán resoltas pola Xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo dos recursos administrativos que procedan.

Non obstante o anterior, e conforme o artigo 49 f) da Lei 40/15 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público estableceanse mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto de os convenios.

ANEXO I CATÁLOGO DE SOLUCIÓNS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Plataformas e Solucións tecnolóxicas:

- Portasinturas electrónico.
- Sala de Firmas (persoal externo).
- Plataforma federada @firma (selos electrónicos).
- Servizo TS@.
- Integración con Plataforma Cl@ve.
- Rexistro (Xeral, Oficinas auxiliares, Telemático, distribución interna, dixitalización....).
- Sistema de Interconexión Rexistral (SIR).
- Sistema de Tramitación de expedientes.
- Módulo de Decretos electrónicos.
- Xestión de Órganos colexiados.
- Módulo de Contratación administrativa.
- Licitación electrónica (Integración PLACSP).
- Xestión de axudas, subvencións (externas e propias).
- Xestión administrativa de Emprego público.
- Xestión administrativa de Servizos Sociais.
- Xestión administrativa de procedementos da área económica.
- Xestión administrativa de Actividades culturais e deportivas.
- Recursos e Reclamacións.
- Expedientes Sancionadores.
- Tramitación administrativa da Xestión Urbanística.
- Plan e Disciplina urbanística.
- Circulación e Vía pública.
- Padrón de Habitantes-xeración automatizada de certificados.
- Outros Rexistros (animais, unións civís, etc).
- Xestión administrativa de facturas.
- Notificacións electrónicas.
- Arquivo electrónico.
- Interoperabilidade administrativa: asesoramento e integración.
- Rexistro electrónico de apoderamentos.
- Integración con servizos oficiais de publicación (BOE/BOE, BOP, BDNS, etc).
- Sedes electrónicas: Contidos e información, Formularios e Solicitudes, Presentación, Cartafol do cidadán, etc.
- Taboleiro de Edictos electrónico.
- Portal de Transparencia.
- Portal de Cargos electos.
- Portal de Empresas.
- Participación cidadá.
- INES (Informe Nacional do Estado da Seguridade no ENS e solucións CCN-CERT).
- Outras ferramentas e servizos complementarios.
- Actividades de Apoio e Soporte:
- Soporte técnico a empregados municipais (en todas as plataformas anteriores e vinculadas).
- Xestións administrativas vinculadas á eAdministración.
- Soporte Técnico a cidadáns (sede electrónica).
- Formación xeral e específica; puntual e continuada.
- Tarefas de comunicación, difusión e orientación.
- Asistencia xurídica.
- Apoio na Transformación Dixital.
- Oficina Técnica de Ciberseguridade Provincial (Proxecto de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade e mellora continua).
- Oficina de Emisión de Certificados electrónicos (de empregado público, de Órgano, de Sede electrónica, etc.).
- Outras tarefas de apoio e soporte complementarias.